



A FLOR DE MAIO






1. Dunha folla de papel facemos un cadrado no que marcamos as diagonais e as apotemas, unindo os vértices e lados opostos respectivamente.



2. Se damos a volta ao cadrado anterior preméndoo suavemente polo centro, e xuntamos os catro vértices, a figura será este novo cadrado.




3. Que ten estas catro capas.



4. Poñemos un dos vértices laterais en sentido vertical, como unha aleta, e abrímoslo.

5. Esmagamos a aleta de modo que a súa liña central coincida coa liña central da figura.

6. Agora levamos o bordo ab , até a mesma liña central e vincamos. Facemos o mesmo co bordo ac .




7. Quedará deste xeito.

8. Repetimos estas mesmas dobras cos outros tres planos da figura (o de atrás e os dous interiores), para obtermos esta nova.


9. Levantamos as lapelas e sacamos e abrimos a capa interior, que levamos á fronte e vincamos pola liña sinalada.




10. Para obtermos esta nova dobra. Facemos o mesmo cos outros planos interiores.




11. As arestas sinaladas cadrámolas coa liña vertical do medio da figura.



12. Ficaré desta maneira. Outra vez repetiremos as dobras nos outros tres planos do modelo.



14. Para que nos quede así. Dobramos para adiante un lateral, pola liña de simetría.




15. Presentará este aspecto. Pola liña marcada, que é todo canto dá, dobramos a parte superior da figura.



16. Con isto fixemos un pétalo da flor. Repetimos a dobra cs outros tres planos, para facermos o resto dos pétalos.



16. Abrimos a figura obtida e temos a flor abrochada. A curvatura dos pétalos facémola colocando un lapis pola parte de abaixo e ben apertado co polgar arrastralo cara á punta dúas ou tres veces.



17. Co papel que sobrou do folio, imos facer o pedúnculo da flor. Aquí collemos outro de cor verde para que cadre mellor. lo desde unha punta, facendo un tutelo longo e apertado. Para que non se desfaga colamos a última volta.



18. Sobre el encaixamos o extremo da flor, que previamente teremos que comprimir un pouco cos dedos para que fiquen ben encaixados.

